

Diego Martínez, novo bolseiro do ERC

EXCELENCIA O físico colaborador do CERN Diego Martínez engrosa este ano a lista de 10 galegos distinguidos coas prestixiosas bolsas do organismo europeo, que lle concedeu 1,5 millóns para traballar os vindeiros 5 anos. El escolleu regresar á Universidade de Santiago, e terá o primeiro contrato Oportunius. Manuel Varela agradece a Diego e os outros 7 bolseiros do ERC que traballan na súa terra que apostasen por ela. Todos, reconece, teñen atractivas ofertas no exterior.



E outros 7 finalistas que volverán tentalo

ENTRENAMENTO O programa Oportunius conta cunha liña de apoio á preparación de proxectos para optar a bolsas do ERC. Na primeira edición entrenou a máis de 40 investigadores con currículos con verdadeiras opcións. Sete chegaron á final do proceso de selección. Catro son da Universidade de Santiago; 1 da de Vigo, outro da coruñesa e outro, dun instituto médico. A Xunta concederá 50.000 euros para mellorar o seu proxecto e volver probar sorte o ano que vén.

A Universidade de Santiago, xermolo de dúas unidades

A estratexia RIS3 consolida dúas colaboracións da matemática e a farmacia universitarias coa empresa

Santiago. A maioría das unidades mixtas postas en marcha veñen de conectar compañías afeitas a investir en investigación e desenvolvemento (I+D) con centros tecnolóxicos privados sen ánimo de lucro. Pero o mundo universitario é tamén referencia nesta fórmula. De feito, a primeira unidade mixta público-privada de investigación farmacéutica de Galicia e a segunda de España naceu na Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 2011. Os seus socios, o grupo Biofarma, liderado pola catedrática Mabel Loza, e Laboratorios Esteve, afondan agora nesta relación co apoio da Xunta.

Nesta nova etapa “por primeira vez, iníciase en España un programa de codesenvolvemento [de medicamentos] entre o ámbito público e privado”, subliñaba o pasado luns a propia Loza na presentación oficial da unidade mixta Esteve-USC.

O Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (Imati), consorcio público formado polas tres universidades galegas, ten tamén no seu ADN a transferencia da tecnoloxía matemática ao servizo do sector produtivo. Por iso non é estraña a súa presenza na primeira edición do programa de unidades mixtas da estratexia RIS3 Galicia (Estratexia de Investigación e Innovación propia para a Especialización Intelixente) da man da multinacional Repsol, que consolida a colaboración previa entre a compañía e o grupo de Enxeñaría Matemática do catedrático da USC Alfredo Bermúdez de Castro.

“No momento no que estamos, o investimento público en I+D+i é de vital importancia para que se poidan facer investigacións e desenvolvementos punteiros en determinadas áreas tecnolóxicas, como é o caso (...). E por suposto, é tamén fundamental que as empresas vexan o seu apoio a estas unidades como un investimento de futuro”, apunta Peregrina Quintela, directora do instituto.



MANUEL VARELA Director da Axencia Galega de Innovación (GAIN)

“Igualaremos o que ofrecen aos científicos noutros centros da UE”

Santiago. Manuel Varela dirixe a GAIN dende xaneiro de 2013. Entre os seus propósitos, no marco da Estratexia de Investigación e Innovación propia para a Especialización Intelixente (RIS3), centra parte dos seus esforzos en atraer investimento a Galicia e crear emprego de alta cualificación impulsando a creación de unidades mixtas entre centros públicos ou centros tecnolóxicos privados sen ánimo de lucro e empresas. “A investigación orientada ao mercado ten moito máis éxito se a fas da man do mercado”, salienta. Pero a GAIN tamén apoiará a investigación básica na fronteira do coñecemento, a chamada a revolucionar a ciencia do século XXI, da que non cabe agardar unha transferencia ao sector produtivo a curto ou medio prazo. Será a través do programa Oportunius, deseñado para reter, atraer e recuperar científicos distinguidos coas axudas millonarias do Consello Europeo de Investigación (ERC), a día de hoxe un selo indiscutible de excelencia. Charlamos

con el de ambas as dúas iniciativas na sede da GAIN, en Santiago.

Como xurdiu a idea de crear o programa de unidades mixtas?

A idea xa estaba na casa dende había tempo e, de feito, a propia Lei de Fomento da Investigación e da Innovación de Galicia, aprobada en 2013, xa se fala de poten-

“Se tan mal estivese a ciencia galega, non competiríamos 4 veces máis ca hai 7 anos na UE”

“O programa Oportunius é un modelo similar ao catalán. Imos pagar tan ben como o Icrea”

“Ademais de reter, queremos recuperar e atraer talento, pero é un traballo a medio prazo”

ciar a creación de unidades mixtas de investigación. E dígolle unha cousa, foi unha convocatoria que naceu en parte vendo exemplos, como o de Biofarma e Esteve ou a colaboración entre o CTAG e PSA. Vimos que había potencial para unha convocatoria que acelerase e fixese maiores estes procesos. O que si é moi pioneira, unha referencia no Estado. Outras comunidades están vendo a orde para intentar algo parecido.

Se se xeran beneficios, os centros teñen que devolver a axuda. Facía falta rachar coa cultura da subvención a fondo perdido?

Entendemos que canto máis risco hai, canto máis lonxe do mercado se está, cando falamos da investigación máis básica, ten que haber máis fondo perdido. E canto máis cerca estamos do mercado, falar de préstamos. Logo hai outro punto intermedio, que é o da transferencia, no que estamos traballando coas unidades mixtas, nas que se hai retorno económico hai que devolver a axuda. Outra cousa boa desta convocatoria, co-

O DIRECTOR da GAIN, na sede de Axencia, situada na rúa Feáns de Santiago de Compostela.

Foto: Javi Regos

mo outras galegas, é que obriga á colaboración, e a maioría das convocatorias do programa europeo Horizonte 2020 son tamén para colaboracións.

Pero captar cartos en Europa para I+D+i non é sinxelo. Que resultados está a colleitar Galicia?

Nun balance de 8 convocatorias europeas publicado polo Cediti, no primeiro ano do Horizonte 2020 Galicia colócase na X posición por comunidades, captando 11 millóns de euros, e iso sen contar a Starting Grant do físico Diego Martínez. Nos primeiros anos do programa anterior Galicia captaba menos de 4 millóns. Agora fálase moito da fuga de talento, de que non temos centros de investigación potentes. A Xunta non esconde as dificultades económicas, pero se estivese tan mal a ciencia galega non competiríamos en Europa 4 veces máis ca hai 7 anos. Dentro do tamaño de Galicia, coído que temos un sistema competitivo.

O físico Diego Martínez será o primeiro contratado pola GAIN co programa Oportunius, pensado para investigadores que captan as axudas do ERC. É un sistema similar ao Ikerbasque de Euskadi ou o Icrea catalán?

Podemos dicir que é moi similar ao Icrea. A medio prazo aspiramos a competir co Icrea, imos pagar tan ben como Icrea, ofrecerémoslle a estes investigadores un salario competitivo que polo menos iguale o que se lles está ofrecendo noutros centros de Europa.

Será unha especie de novo corpo de investigadores da comunidade autónoma?

Si, máis ou menos, pero cunha diferenza importante [frente a outros]. Non son funcionarios, pero tampouco temporais. Se o investigador é bo e mantén o nivel, aquí ten contrato todo o tempo que queira. Iso como se traduce? Cada cinco anos terá que pasar unha avaliación e se mantén o nivel de investigación e de captación de fondos, non só continúa, senón que se lle pode pagar un variable que pode consolidarse e incrementar o salario fixo. Ademais de reter, queremos recuperar e atraer talento, pero é un traballo a medio prazo.